

Nome:

Curso:

1. Define os seguintes termos xeográficos:

Actividade persoal. A modo de exemplo:

- Meseta: . Planicie extensa situada a considerable altura sobre o nivel do mar.....
.....
- Depresión: . Nun terreo ou outra superficie, concavidade dalgunha extensión.....
.....

2. Le estas frases e escribe Verdadeiro (V) ou Falso (F) segundo corresponda.

- F O clima das Illas Canarias é o atlántico.
- V En España non hai ningunha zona de clima polar.
- V A oliveira é unha árbore típica da paisaxe mediterránea.
- F Na maior parte de España predomina o clima de montaña.

3. Relaciona con frechas cada concepto da primeira columna cunha característica da segunda:

- | | | |
|-----------------|---|---|
| Pireneos | → | Río galego. |
| Miño | → | Árbore típica das Illas Canarias. |
| Drago | → | Límite natural entre España e Francia. |
| Clima atlántico | → | Precipitacións abundantes e temperaturas moderadas. |

4. Indica algunha característica principal das seguintes paisaxes:

Mediterránea continental: paisaxe moi modificada, pouco poboada e con vexetación adaptada á seca do verán e a invernos fríos / Subtropical de Canarias: clima seco, con pouca vexetación e gran variedade de especies. A presenza de volcáns dálle á paisaxe un aspecto particular / Mediterránea: paisaxe poboada e vexetación de folla perenne. Abundantes arbustos, matogueiras e plantas aromáticas. / Atlántica: paisaxe húmida e vexetación frondosa con predominio de bosque caducifolio.

5. Cales son os principais ríos de España?

Distínguense 3 vertentes hidrográficas: Vertente atlántica: Miño, Douro, Texo, Guadiana, Guadalquivir.....

Vertente cantábrica: Navia, Nalón, Narcea, Bidasoa, Nervión, Deba, Pas, Saxa.....

Vertente mediterránea: Ebro, Ter, Llobregat, Xúcar, Segura, Almanzora, Guadalhorce.....

Nome:

Curso:



Durante este curso Rocío e Manuel estudan o medio físico de España. Ambos os dous propóñenlles aos seus pais facer unha ruta por España este verán para visitar o que están traballando.

Aos seus pais encántalles a proposta e déixanlles organizar a viaxe se respectan unha condición; pasar uns días na casa dos avós, en Sanlúcar de Barrameda.

A Manuel encántalle a praia e a Laura apasióñalle a montaña. Por iso, deciden empezar a súa viaxe visitando Cantabria.

- 1. Rocío comenta que a Cordilleira Cantábrica é unha unidade de relevo exterior, pero Manuel non o comparte.**

Actividade persoal. A modo de exemplo:

Quen ten razón? .. Manuel ten razón.....

Por que?A Cordilleira Cantábrica é unha unidade de relevo interior situada ao norte da Meseta e paralela ao mar Cantábrico.....

- 2. Manuel e Rocío saben que o río Ebro nace no pico Tres Mares de Cantabria. Buscando máis información, encontran que:**

- A O río Ebro é pouco caudaloso e curto.
- B Os seus dous afluentes son o Segre e o Miño.
- C O Ebro desemboca en Amposta (Barcelona).
- D Dous dos seus principais afluentes son o Segre e o Xalón.

- 3. Rocío non sabe que climas encontrarán en Cantabria:** Actividade persoal. A modo de exemplo:

Manuel dille que hai 2 climas: atlántico e de montaña, temperaturas moderadas e chuvias abundantes.....

- 4. Manuel sabe que a Cordilleira Cantábrica rodea a Meseta. Pregúntalle a Rocío que outras cordilleiras rodean a Meseta:**

- A Os Montes de León, o Sistema Ibérico e os Pireneos.
- B Os Montes Vascos, o Sistema Ibérico e Serra Morena.
- C Os Montes de León, o Sistema Ibérico e Serra Morena.
- D Os Montes Vascos, o Sistema Ibérico, Serra Morena e o Macizo Galaico.

Nome:

Curso:



Rocío e Manuel son uns apaixonados dos deportes acuáticos e durante as súas vacacións queren practicar piragüismo.

Buscando pola Internet acharon unha oferta moi interesante de piragüismo no río Texo na localidade de Aranjuez.

Aos seus pais parécelles un bo sitio porque alí poderán visitar o Palacio Real e quédalles a medio camiño entre Cantabria e Sanlúcar de Barrameda.

Decidido, despois de pasar unha semana en Cantabria, pasarán catro días en Aranjuez.

5. Rocío e Manuel teñen moitas gañas de practicar piragüismo no río Texo.

Buscando máis información encontran que:

- A O texo é un río pouco caudaloso e curto.
- B O Texo é un río da vertente cantábrica.
- C O Texo nace en Teruel e desemboca en Lisboa.
- D Algúns dos afluentes do Texo son o Xarama, o Alberche e o Segura.

6. Manuel explícalle a Rocío que o clima e a paisaxe de Aranjuez son mediterráneos. Rocío cre que son mediterráneos continentais.

Actividade persoal. A modo de exemplo:

Quen ten razón? Rocío ten razón.....

Por que? Aranjuez está situada na Meseta e a paisaxe que encontra é mediterránea continental con temperaturas contrastadas e chuvias escasas.....

7. Manuel e Rocío preguntanlle ao seu mestre que unidades de relevo poden visitar preto de Aranjuez. El recoméndalles visitar as máis próximas:

- A Os Pireneos e o Sistema Central.
- B Serra Morena e as Cordilleiras Béticas.
- C Serra Morena, o Sistema Central e as Cordilleiras Béticas.
- D Os Montes de Toledo, o Sistema Central e o Sistema Ibérico.

Nome:

Curso:



A última semana das súas vacacións Manuel e Rocío pasarana cos seus avós en Sanlúcar de Barrameda.

Queren aproveitar a semana e visitar sitios interesantes que lles queden preto. Para prepralo todo chaman a súa curmá Candela que traballa nunha empresa turística de Andalucía.

Candela explícalles que xustamente en Sanlúcar desemboca o río Guadalquivir formando unhas marismas moi interesantes, que forman parte do Parque Nacional de Doñana, pola súa riqueza en vexetación e fauna.

8. Manuel consulta a páxina web do Parque Nacional de Doñana e acha un xogo que consiste en completar un texto coas palabras seguintes:

agricultura – zonas húmidas - depresión - marismas - Doñana

A**depresión**.....do Guadalquivir é moi apta para a**agricultura**....., e tamén conta con..... **zonas húmidas**....., como as**marismas**..... do Parque Nacional de**Doñana**.....

9. Manuel proponlle un xogo a Rocío. Exponlle unha característica climática ou paisaxística e ela ten que dicirlle a que clima ou paisaxe pertence.

Chuvias anuais moi escasas: **clima mediterráneo e mediterráneo continental**.....

Aciñeirias, caxigos e xenebreiros: **Vexetación do clima mediterráneo continental**.....

10. O Guadalquivir e o Texo son ríos que pertencen á vertente atlántica. Rocío pregúntalles aos seus pais polas outras vertentes de España.

- A Hai catro vertentes hidrográficas en España.
- B Os ríos da vertente cantábrica son os máis longos.
- C Os cursos de auga en Baleares reciben o nome de torrentes.
- D O Ebro, o Miño e o Segura son ríos que pertencen á vertente mediterránea.